

Texto: **CHEMA HERAS**

Ilustracións: **KIKO DASILVA**

Encadernado en cartonné. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis". Demademora. ISBN 978-84-8464-612-9
- Castelán: "Cuando a Matías le entraron ganas de hacer pis en la noche de Reyes". Libros para soñar. ISBN 978-84-8464-611-2
- Catalán: "En Martinet tenia ganas de fer pipí la nit de Reis" Kalandraka. ISBN 978-84-8464-016-5

Prezo: 13 €



CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS

-Os Reis non entran nas casas dos nenos que non estan durmidos! -espetoulle o pai.

-Entón voume deitar cedo –aceptou o cativo.

...No medio e medio da noite, Martiño espertou coas ganas de mexar...

"Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis" é un atípico conto de Nadal que nos amosa a particular visión dun neno sobre ese acontecemento tan especial. A narración, chea de enxeño e humor, desvela a inxenuidade e a complexidade do maxín infantil. As ilustracións destacan pola súa forte expresividade e fan deste álbum un dos preferidos nas bibliotecas dos cativos. "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis" chega de novo polo Nadal para facer sorrir a pequenos e grandes, para que gocen da ledicia e da ilusión que agroma en cada páxina.

CHEMA HERAS (Ávila, 1957)

É profesor de inglés en Cambados (Pontevedra) e pertence ao consello editorial de FAKTORÍA K DE LIBROS. Editou libro de poemas "Nido de amor e cuna" (1982) e a colección de contos "Bulebule" para o ámbito educativo, destinada ao ensino da lectura en galego. Durante a súa estada en Australia escribiu varios libros editados polo Departamento de Educación de Nova Gales do Sur. Entre as súas publicacións figuran "A fuxida dos Nenos" (Sotelo Blanco, 1990). Tamén é autor de "Avós" (Premio Llibreter 2003), editado en galego, castelán, catalán, euskera e portugués por KALANDRAKA e traducido a outros idiomas. Ademais, é tradutor de títulos como "Las aventuras de Pinocho", na mesma editorial.

- **Temática:** conto de Nadal
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** humor; os cores; canción a modo de retrouso (repetición); as tradicións do Nadal: os agasallos para quen se portou ben e carbón para os desobedientes; os soños, a ilusión

KIKO DASILVA (Vigo, 1979)

Artista plástico e humorista gráfico, licenciado pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra na especialidade de Pintura. Iniciou a súa traxectoria en fanzines como Nicasso e Nova Línea. Director e creador das revistas de banda deseñada BD Banda (premio ao mellor fanzine do Salón do Cómec de Barcelona) e Retranca (Premio Ourense á Mellor Iniciativa de Banda Deseñada 2010). É autor dos álbums titulados "Fiz" (FAKTORÍA K) e "Moncho e a mancha" (KALANDRAKA). Tamén ilustrou "A memoria das árbores", "Rato de campo e rato de cidade" e "Sar, Sarela e os monstros de Compostela", editados por KALANDRAKA.

Colabora coas revistas Mister K e El Jueves, nas que realiza as series de banda deseñada tituladas 'Clases con guasa' e 'Turisteo'. Participou en obras colectivas como "H2Oil", sobre a catástrofe do Prestige. Recibiu, entre outros galardóns, o Primeiro Premio de Cómec de Ourense (1996), o Premio Internacional de Humor Gráfico de Porto (Portugal) e o segundo Premio Nacional de Humor Gráfico J&B (2000).

